



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).
Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS UNHA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SETE DE MAIO DE DOUS MIL CATORCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do vinte e sete de maio de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Jose A. Lodeiro Cancela, M^a Alicia Martínez González, Gregorio L. Agís Gómez, Consuelo Besada Lores, Angel Moldes Martínez, Juan José Rodríguez Grandal, Alberto Villaverde Méndez, M^a del Mar Villaverde Rosales, Manuel Domínguez Álvarez e Javier Domínguez Lino. Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesiões en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3954.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 29 DE ABRIL DE 2014, NÚMS. 499 E 500.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta das actas das sesións do 29 de abril de 2014, números 499 e 500 e non realizándose observación ningunha estas quedan aprobadas polo voto favorable da unanimidade dos asistentes.

3955- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3942.- SORTEO A CELEBRAR PARA A FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS DAS VINDEIRAS ELECCIÓN DE DEPUTADOS AO PARLAMENTO EUROPEO DO PRÓXIMO 25 DE MAIO DE 2014.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse á notificación dos cargos electos. Neste punto toma a palabra a Secretaria presente na sesión poñendo de manifesto as incidencias ocorridas cos nomeamentos efectuados pola Xunta Electoral de Zona en diversos distritos e seccións 3946.- DAR CONTA DO ACORDO NÚMERO 12065 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EN SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O 31 DE MARZO DE 2014, EN RELACIÓN Á DESAFECTACIÓN DOS TERREOS INCLUIDOS NA ZONA DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMOTERRESTRE, A SECA-POIO.- Uniuse certificación do presente acordo ao expediente e notificouse ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra; 3947.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2014.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3948.- INTERVENCIÓN-TESOURERÍA, INFORME CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE 1T/2014.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do expediente ao Departamento de Intervención; 3949.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SOBRE A APLICACIÓN DO IVE DO 21% NOS SALÓNS DE PEITEADO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas; 3950.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE A REBAIXA DE PEAXES NA AP-9 E O TRASPASO DA SÚA TITULARIDADE A GALIZA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente notificouse á Presidencia da Xunta de Galicia; 3951.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, REXEITAMENTO DO PROXECTO DE LEI XERAL DE TELECOMUNICACIÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Presidencia da Xunta de Galicia, Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia, Presidencia do Goberno de España e os Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados; 3952.- MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNO A REGRESAR AO PACTO DE TOLEDO E REXEITAR A REFORMA IMPOSTA NA LEI 23/2013 REGULADORA DO FACTOR DE SUSTENTABILIDADE E DO ÍNDICE DE REVALORIZACIÓN DO SISTEMA DE PENSIÓNS DA SEGURIDADE SOCIAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Ministerio de Empleo y Seguridad Social e Presidencia do Goberno; 3953.- DAR CONTA ACORDOS COMISIÓN PARITARIA CONVENIO COLECTIVO PERSOAL LABORAL CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención.". A Corporación dáse por enterada. A secretaria da conta igualmente no presente punto da orde do día, das alteracións que nos postos de membros no proceso electoral Eleccións Parlamento Europeo 2014 segundo o sorteo efectuado en sesión extraordinaria realizada polo pleno, por acordos da Xunta Electoral de Zona así como do contido do escrito de queixa presentado ante ésta.

3956.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta das resolucións ditadas pola alcaldía desde o último pleno ordinario as que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día e non suscitándose observación ningunha a corporación dáse por enterada do contido das mesmas.

Neste momento entra no Salón de Sesiós a Concelleira D^a. Celeste Nieto García.

3957.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO

5/2014.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de maio de 2014 emitíndose o seguinte ditame: "Vista a Proposta da Alcaldía de data 8 de maio de 2014 que textualmente di o seguinte: "Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola existencia dunha factura correspondente ao anterior exercicio 2013 a cal non foi presentada no Concello ata o mes de maio de 2014, aínda que pertence a subministros prestados no exercicio 2013. Ascendendo o importe da factura pendente de recoñecemento correspondentes ao mencionado exercicio 2013 a 298,05€. Visto o informe de Intervención de data 8 de maio que obra no expediente onde consta que o recoñecemento de obrigas pertencentes a exercicios anteriores que, por calquera motivo non o houberan sido aprobadas naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación e que neste caso é posible a súa realización. É por iso que PROPOÑO:Primeiro: aprobar o recoñecemento da factura obxecto do presente expediente: factura nº886/2013/FV de Pontevedra Libros S.L en concepto de subministro material de oficina por importe de 298,05€. Segundo: aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2013, vixente, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito." e o informe da intervención municipal de data 8 de maio de 2014.

A interventora municipal toma a palabra indicando que se trata un gasto a recoñecer de 298,05 € correspondente a unha factura do exercicio 2013 pero que non foi presentada no rexistro contable do Concello ata o mes de maio de 2014, conformada, existindo crédito suficiente na aplicación correspondente. A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Aprobar o recoñecemento da factura obxecto do presente expediente: factura nº886/2013/FV de Pontevedra Libros S.L en concepto de subministro material de oficina por importe de 298,05€ e 2º) Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2013, vixente, o crédito mencionado con cargo á aplicación que corresponde na cal se efectuou a correspondente retención de crédito."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento da factura obxecto do presente expediente: factura nº886/2013/FV de Pontevedra Libros S.L en concepto de subministro material de oficina por importe de 298,05€.

Segundo.- Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2013, vixente, o crédito mencionado con cargo á aplicación que corresponde na cal se efectuou a correspondente retención de crédito.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención e Tesourería Municipal.

3958.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA OBRIGA DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE 2014.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 19 de maio de 2014 emitíndose o seguinte ditame: "A interventora municipal dá conta do expediente manifestando que dando cumprimento á Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro remitiuse, o pasado 6 de maio de 2014, a obriga trimestral de subministro de información das Entidades Locais ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con 3 relación os datos referentes o primeiro trimestre do exercicio 2014. A Comisión dáse por enterada."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada da realización do trámite.

3959.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 13/2014, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓN.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 19 de maio de 2014 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta da Providencia e da Memoria da Alcaldía de data 13 de maio de 2014, do informe da Intervención Municipal de data 14 de maio de 2014 e da Proposta da Alcaldía de data 14 de maio de 2014 que, textualmente, do o seguinte:"Visto o expediente proposto, consistente na modificación orzamentaria nº13/2014, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, derivado da existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para o que non existe crédito suficiente no Orzamento prorrogado do exercicio 2013, vixente no actual 2014, segundo queda xustificado na Memoria que se xunta ó presente expediente de data 13 de maio de 2014.

Visto o informe emitido pola interventora municipal de data 14 de maio de 2014. Ante a necesidade de dotar crédito para os gastos que se mencionan na Memoria de Alcaldía para os cales non existe crédito suficiente e adecuado co fin de levar a cabo o cumprimento de compromisos adoptados e de futuros gastos a realizar PROPOÑO:

Primeiro.- proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº13/2014, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na memoria de Alcaldía por importe total de 60.000€.

Segundo: que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable."

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que se propón para a súa aprobación unha modificación de presuposto mediante suplemento de crédito por importe de 60.000€ xa que as aplicacións onde se pretende dotar de crédito

non presentan dotación orzamentaria suficiente no orzamento prorrogado do exercicio 2013.

A motivación do expediente ven pola necesidade de dotar crédito para a realización de gastos en aplicacións do capítulo II do estado de gastos (bens correntes e servizos) e pola necesidade de incrementar o crédito correspondente o programa de axudas de Emerxencia Social así como o crédito destinado o financiamento do contrato suscrito coa empresa prestadora do servizo de Axuda no Fogar co fin de dar cobertura a novas altas no mesmo.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación segundo a Proposta da Alcaldía e que se sigan os trámites legais procedentes. ”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos 4 a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria núm. 13/2014, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na memoria de Alcaldía por importe total de 60.000€.

Segundo: Someter ao trámite de información pública polo prazo de 15 días hábiles a aprobación do expediente de modificación orzamentaria mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e unha vez rematado o prazo regulamentario de non presentarse alegación ou reclamación ningunha esta entenderase definitivamente aprobado de conformidade co establecido no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das facendas locais.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3960.- INTERVENCIÓN, SEGUNDA MODIFICACIÓN ANEXO DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS SEGUNDO PROPOSTA CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 19 de maio de 2014 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente, da Proposta da Concelleira Delegada de benestar social e igualdade, de data 30 de abril de 2014, do informe da Intervención Municipal de data 6 de maio de 2014 e da Proposta da Alcaldía de data 7 de maio de 2014 que, textualmente, di o seguinte: “ Coñecido o contido da proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade de 30 de abril relativa a supresión de dúas subvencións nominativas das previstas no Orzamento prorrogado do exercicio 2013 por importes de 225€ e 890€, e a creación dunha nova subvención nominativa destinada a asociación Asociación Mulleres do Mar por importe de 225€.

Coñecido o contido do informe de Intervención de data 6 de maio, **PROPÓN:** Modificar o anexo de subvencións nominativas aprobado, xunto co Orzamento prorrogado do exercicio 2013, co fin de: **Primeiro:** suprimir as subvencións nominativas previstas para o

Club de Leones coa finalidade de "Subvención a ONG para colaboración coa súa actividade" por importe de 225€ e Asociación Solidaridade Galega co Pobo Saharai coa finalidade "Programa "Vacacións en paz" por importe de 890€.

Segundo: crear unha nova subvención nominativa adicada a Asociación Mulleres do Mar por importe de 225€.

Terceiro: destinar o crédito restante relativo as dúas subvencións nominativas que se propón suprimir, que ascende o total de 890€ o programa de Emerxencia Social."

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación segundo a Proposta da Alcaldía e que se sigan os trámites legais procedentes."

O Sr. Alcalde dálle a palabra a Concelleira Delegada de Benestar Social, a Sra. Salgueiro Piñeiro que explica o contido do expediente, e como en anos anteriores, ao non facerse uso da subvención facemos este tipo de cambios, asignamos unha subvención nominativa á Asociación de Mulleres do Mar, que polos seus fins cumpre para ser beneficiaria e a cantidade restante designámola a emerxencia social que neste momento é moi necesaria.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado a modificación do anexo de subvencións nominativas aprobado xunto co orzamento prorrogado do exercicio 2013.

Segundo.- Suprimir as subvencións nominativas previstas para o Club de Leones coa finalidade de "Subvención a ONG para colaboración coa súa actividade" por importe de 225€ e Asociación Solidaridade Galega co Pobo Saharai coa finalidade "Programa "Vacacións en paz" por importe de 890€.

Terceiro. - Crear unha nova subvención nominativa adicada a Asociación Mulleres do Mar por importe de 225€.

Cuarto.- Destinar o crédito restante relativo as dúas subvencións nominativas que se propón suprimir, que ascende o total de 890€ o programa de Emerxencia Social.

Quinto.- Someter o expediente ao trámite de información pública mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de 15 días hábiles, de non presentarse reclamación ningunha no devandito prazo esta entenderase aprobado definitivamente.

Sexto.- Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3961.- PERSOAL, MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTO (BASE 53).- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente

tramitado pola Unidade de Persoal e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de maio de 2014 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse contado expediente, do informe da Intervención Municipal de data 12 de maio de 2014 e da Proposta do Concelleiro Delegado de Persoal de data 9 de maio de 2014 que, textualmente, di o seguinte: "En virtude do acordado na sesión constitutiva da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo de persoal laboral do Concello de Poio, celebrada o pasado 26 de marzo de 2014, onde se acordou instar a modificación das Bases de Execución do Orzamento prorrogado do exercicio 2013, en concreto da base 53ª e 53.2 co fin de dar cobertura como beneficiarios dos anticipos reintegrables de nómina e préstamos para adquisición e rehabilitación de vivenda propia ou en caso de enfermidade grave non só o persoal laboral fixo senón tamén o persoal laboral cunha antigüidade superior a 2 anos. SE PROPÓN: A modificación da base 53ª e da base 53.2ª de execución do Orzamento prorrogado do exercicio 2013 quedando redactado da seguinte maneira: Base 53ª. Onde di: "1.- Concederanse anticipos reintegrables ós funcionarios, persoal laboral fixo e funcionarios cunha antigüidade superior a 2 anos, da forma seguinte:" debe dicir: "1.- Concederanse anticipos reintegrables de nómina ao persoal funcionario, persoal laboral fixo, persoal laboral con máis de dous anos de antigüidade e funcionarios interinos cunha antigüidade superior a dous anos, da forma seguinte: Base 53.2: **Onde di:** "Poderanse conceder préstamos ao persoal funcionario, persoal laboral fixo e persoal funcionario interino con unha antigüidade superior a 2 anos, para a adquisición ou rehabilitación da vivenda propia ou ben en casos de enfermidade grave por importe de 6.000 € a devolver nun máximo de 36 mensualidades sen xuros." **debe dicir:** "Poderanse conceder préstamos ao persoal funcionario, persoal laboral fixo, persoal laboral con máis de dous anos de antigüidade e funcionarios interinos cunha antigüidade superior a 2 anos para a adquisición ou rehabilitación da vivenda propia ou ben en casos de enfermidade grave por importe de 6.000 € a devolver nun máximo de 36 mensualidades sen xuros."

Toma a palabra a secretaria do concello indicando que se trata dunha proposta para solventar a discordancia existente entre o convenio colectivo e as bases de execución na aplicación ao persoal de distintas melloras sociais tal e como se anticipou na derradeira sesión plenaria na que se deu conta da acta da sesión constitutiva da comisión paritaria.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación segundo a modificación que se propón."

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Concelleiro Delegado de persoal, o Sr. Martínez Blanco quen explica que se trata de ampliar os beneficios ao persoal do Concello, no que se refire aos préstamos sen xuros para a rehabilitación de vivenda e anticipos de nómina, porque coa redacción das bases de execución quedaba fora o persoal laboral que leva pretando servizos máis de dous anos.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable da unanimidade dos membros presentes aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación da base 53ª e da base 53.2ª de execución do Orzamento prorrogado do exercicio 2013 quedando redactado da seguinte maneira:

Base 53ª. Onde di: "1.- Concederanse anticipos reintegrables ós funcionarios, persoal laboral fixo e funcionarios cunha antigüidade superior a 2 anos, da forma seguinte:" debe dicir: "1.- Concederanse anticipos reintegrables de nómina ao persoal funcionario, persoal laboral fixo, persoal laboral con máis de dous anos de antigüidade e funcionarios interinos cunha antigüidade superior a dous anos, da forma seguinte:"

Base 53.2: **Onde di:** "Poderanse conceder préstamos ao persoal funcionario, persoal laboral fixo e persoal funcionario interino con unha antigüidade superior a 2 anos, para a adquisición ou rehabilitación da vivenda propia ou ben en casos de enfermidade grave por importe de 6.000 € a devolver nun máximo de 36 mensualidades sen xuros." **debe dicir:** "Poderanse conceder préstamos ao persoal funcionario, persoal laboral fixo , persoal laboral con máis de dous anos de antigüidade e funcionarios interinos cunha antigüidade superior a 2 anos para a adquisición ou rehabilitación da vivenda propia ou ben en casos de enfermidade grave por importe de 6.000 € a devolver nun máximo de 36 mensualidades sen xuros."

Segundo.- Someter o expediente á información pública polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e de non presentarse alegación ou reclamación ningunha esta entenderase aprobada definitivamente.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente e dar traslado do presente acordo ao Servizo de Persoal, Intervención e Tesourería Municipal.

3962.- PATRIMONIO, EXPEDIENTE DE DETERMINACIÓN CUALIFICACIÓN XURÍDICA DUN VIAL SITO NO LUGAR DE PORTOSANTO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado pola Unidade de Patrimonio e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de maio de 2014 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 12 de maio de 2014 que, textualmente, di o seguinte:" O 20 de agosto de 2012 iniciase novamente, tras producirse a caducidade polo transcurso de dous anos dende o anterior inicio, o expediente 6/2009 de investigación do carácter público dun treito que ten o inicio en camiño Pateira entre as vivendas números 20 e 28, en dirección suroeste, e remata na rúa monte Saiñas, a altura da intersección co camiño Sobreiras. A través dos trámites realizados de acordo co establecido no Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Públicas, ponse de manifesto o

informe do Enxeñeiro Municipal de 18 de outubro de 2013 no que se di que ó comenzo do camiño dende a rúa Monte Saiñas aparece marcado mediante un cartel. Polo que é importante mencionar que o Concello veuse portando como se o tramo fose público. Cuestión relevante é que o tramo garante o acceso a 3 parcelas e serve de conexión a camiños públicos. Ademais, historicamente se lle deu tratamento de público xa que aparece grafitado no catastro de 1956 e na maioría das escrituras dos colindantes aparece mencionado como camiño, o que reforza a idea da natureza pública, polo que se descoñece porque non aparece reflexado no PXOM nin nas normas subsidiarias de 1986.

Esta alcaldía eleva a consideración do pleno a adopción da seguinte proposta: Primeiro: Declarar como camiño público o treito do camiño que ten o seu inicio en camiño Pateira, entre as parcelas onde se sitúan as vivendas cos números 20 e 28, en dirección suroeste e remata na rúa Monte Saiñas, á altura da intersección co camiño Sobreiras. Dito tramo consta dunhas características de 79,50 metros de lonxitude, 2,40 metros de ancho medio e unha superficie de 191,4 m², ademais de ter un tipo de chan de núcleo rural mixto, como queda acreditado no informe de 18 de outubro de 2013 do Enxeñeiro Municipal.

Segundo: se proceda a rectificación do erro existente no PXOM para dar cobertura ó tramo declarado público, dando traslado ao equipo redactor do PXOM para que elabore o correspondente tramo rectificado.

Terceiro: dar traslado aos interesados comunicándolle que, de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por pór fin á vía administrativa contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa."

A secretaria do Concello de Poio da conta do expediente de investigación de oficio tramitado en relación a un tramo no lugar

de Pateira, Portosanto, da Parroquia de San Salvador indicando que tras a investigación, tal e como reflicte no seu informe de data 11 de abril de 2014, non existen indicios suficientes para determinar se o referido tramo deba ser declarado como camiño público ou privado.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP, por un mellor estudo para o Pleno, acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar como camiño público o treito do camiño que ten o seu inicio en camiño Pateira, entre as parcelas onde se sitúan as vivendas cos números 20 e 28, en dirección suroeste e remata na rúa Monte Saiñas, á altura da intersección co camiño Sobreiras. Dito tramo consta dunhas características de 79,50 metros de lonxitude, 2,40 metros de ancho medio e unha superficie de 191,4 m², ademais de ter un tipo de chan de núcleo rural mixto, como queda acreditado no informe de 18 de outubro de 2013 do Enxeñeiro Municipal.

Segundo: se proceda a rectificación do erro existente no PXOM para dar cobertura ó tramo declarado público, dando traslado ao equipo redactor do PXOM para que elabore o correspondente tramo rectificado.

Terceiro: Dar traslado aos interesados comunicándolle que, de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por pór fin á vía administrativa contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

3963.- PATRIMONIO, RECTIFICACIÓN INVENTARIO EJERCICIO 2011.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado pola Unidade de Patrimonio e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de maio de 2014 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta do expediente tramitado co motivo da rectificación do Inventario Municipal de Bens correspondente ao exercicio 2011 e do informe da secretaria xeral, de data 15 de maio de 2014.

Incorpórase ao expediente resumo de altas e baixas producidas no devandito patrimonio co seguinte resultado: **Activo:** Aumentos bens inmoables (epígrafe 1) 26,095,78 €, aumentos vehículos (epígrafe 5) 2.950,01 €. Baixas bens inmoables (Epígrafe 1) 12.483,48 € Baixas vehículos (Epígrafe 5) 11.253,50 € **Pasivo:** Aumentos 2011: ningún Baixas: 2011: 773.908,79 €. **Suma Activo a 31.12.2011:** 11.614.505,73 € **Suma Pasivo a 31.12.2011:** 9.531.811,58 € **Diferencia patrimonio Líquido a 31.12.2011: 2.082.694,15 €.**

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período entre o 01/01/2011 ao 31/12/2011 nos termos que figuran no resumos que consta no expediente.

Segundo: Remitir copia do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable da unanimidade dos membros presentes aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período entre o 01/01/2011 ao 31/12/2011 nos termos que figuran no resumos que consta no expediente.

Segundo: Remitir copia do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3964.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE ADHESIÓN AO MANIFESTO DA ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RIA (APDR).- Dáse conta á Corporación do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de maio de 2014 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 2 votos en contra do PP, dáse conta da moción presentada polo BNG, de data 16 de maio de 2014 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 16 de maio de 2014 de adhesión ao escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 16 de maio de 2014 polo presidente da APDR no que solicita ao Concello de Poio a adhesión ao manifesto e marcha contra celulosas que se xunta.

O grupo municipal do BNG propón ao pleno da corporación a adhesión ao manifesto no que se recolle a seguinte resolución:

O Concello de Poio, consciente da problemática ambiental, social e

económica que provoca a presenza do complexo CELULOSAS-ELNOSA no seu actual emprazamento, acorda 1.- Instar ao goberno central para que non conceda ningunha prórroga á actividade do complexo industrial ENCE-ELNOSA en Lourizán máis aló do 2018.

2.- Expresar o seu apoio á "MARCHA CONTRA CELULOSAS" convocada pola Asociación Pola Defensa da Ría para o sábado 14 de xuño, e facer un chamamento á poboación deste concello a participar activamente nesta mobilización reivindicativa.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en Contra e 2 abstencións do PP hasta o Pleno, acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista a Sra. Besada Lores que di que esta proposta normalmente tráese ao Pleno de forma conxunta, pero ao non dárselle traslado do mesmo non puideron adherirse, consideramos que este tipo de escritos téñense que trasladar aos grupos políticos que forman a corporación de Poio.

O Sr. Alcalde contesta que os escritos e as propostas trátanse, como norma xeral, nas comisións informativas correspondentes, neste caso o escrito entrou por rexistro o día 16 e a comisión realizouse o día 19, non estaba na orde do día de facenda, pero tratouse por urxencia e estas comisións fórmanas os distintos representantes dos grupos políticos.

A continuación a Sra. Diaz Iglesias, Voceira Municipal do BNG, di que non hai problema ningún en que o PSOE se adhira a súa proposta de apoio ao APDR. Nos apoiamos ao 100% esta petición que ademais é apoiada pola cidadanía e polos grupos medio-ambientais. Nos queremos a ubicación de Elnosa noutro lugar, este non é o máis adecuado, a data de 2018, para que desapareza de aí acércase pero ao parecer os acordos aos que se chegou coa Xunta non son de obrigado cumprimento, non entendemos que os acordos non sexan para cumprir. Nestes momentos de paro, Elnosa presiona coa destrución de postos de traballo pero nos consideramos que se destrúen máis recursos mediomambientais, nos apostamos polo marisqueo e saneamento da ría. Pedimos que non se concedan máis prórrogas e apoiamos a marcha contra celulosas do vindeiro 14 de xuño de 2014. Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista quen di que apoian a marcha do día 14 de xuño de 2014 así como as peticións realizadas polo APDR, unha postura igual que en anos anteriores e desde que gobernamos (estas dúas lexislaturas) apoiamos a moción. Consideramos que non é unha ubicación idónea ademais nunca se debeu instalar no lugar porque está demostrado que prexudica a saúde dos cidadáns (asma, conxuntivite...). Non podemos aceptar a chantaxe emocional á que fai referencia Elnosa baseándose na destrución do emprego.

O Sr. Moldes Martínez di que o PP entende que pode tratarse dunha situación pouco idónea pero ás veces hai que ter coidado coas sentenzas, xurisprudencia.... Cando un goberno se opón a algo, por unha situación indesexada, non podemos quedar ahí, temos que dar alternativas para poder dar solucións. Tamén temos que facer autocrítica cando falamos de problemas medio ambientais ou da situación da ría, porque a día de hoxe aínda non temos depuradora e nas parroquias de Raxó e Samieira vértese directamente á ría.

Celulosas é unha empresa de tratamento de recursos madeireiros e en Galicia debemos de explotar estes recursos senón sería un problema. O seu grupo aposta non polo peche do complexo CELULOSAS-ELNOSA senon pola posibilidade de que poda ser trasladado a outro lugar máis idóneo e respetar os postos de traballo.

Toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián que certamente celulosas trata os recursos madeireiros, os eucaliptos, pero nestes momentos hai moitos e non teñen saída e ademais ningún goberno ten que preocuparse pola xestión dunha empresa privada, eles queren seguir explotando para ter beneficios e cando os teñen non os reparten nin os repercuten na zona, por iso non debemos de preocuparnos. A depuradora pode ter problemas pero hai que recoñecer que a ría está mellor que nunca, hai que ver a claridade das augas nestes momentos. E por outra banda, senón hai depuradora e se verte directamente á ría esta responsabilidade é da Xunta, por que as depuradoras son competencias da Xunta.

A Sra. Besada Lores di que efectivamente temos que ser responsables e nos entendemos que a Xunta cando fixo a depuradora en Placeres era consciente de que era insuficiente, e agora sigúe sendo, e nos consideramos que se hai que buscar un responsable esta é a Xunta porque quere ubicar a nova depuradora nun espazo totalmente saneado e onde se instalou unha senda peonil. Vostedes nas asembleas cos veciños, non están de acordo nesta ubicación. Hai alternativas avaladas polos informes dos técnicos.

Toma a palabra novamente o Sr. Barreiro Lubián que manifesta que se está desviando o tema, estamos a falar da incidencia de celulosas na ría de Pontevedra e a nós preocúpanos os intereses que poida ter o PP en Celulosas, porque ata se modifican normas, como pode ser unha Lei de Costas, coa intención de manter celulosas en Pontevedra, esperemos que algún xuíz investigue este tipo de situacións. Vostedes poden votarlle a culpa a quen queira pero o PP incide en que celulosas sega aí e hai que ser sensatos coas decisións que toman.

O Sr. Martínez Blanco di que hai moitos anos nesta moción, agora soamente o PP e anteriormente o PSOE, votaban en contra argumentando o seu mantemento por manter os postos de traballo, neste momento o PP segue argumentando o mesmo e resulta máis que curioso cando o PP coas súas normas e leis aproba diariamente normativa de destrución do emprego e tamén é curioso, que na situación actual pechan diariamente empresas e non reciben o mesmo apoio por parte do PP.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que cando se fala de intereses ocultos non sabemos ao que se refiren e ademais hai que recordar que cando se retirou a ubicación da depuradora en Sanxenxo gobernaba Pachi Vázquez.

O Sr. Agís Gómez di que a ubicación de Celulosas foi usurpada ao espazo público para atender a intereses privados. O que se fixo foi alterar a masa forestal para favorecer a esta fábrica alterando a nosa vexetación propia. A depuración é nefasta pero a responsabilidade nos entendemos que é da Xunta de Galicia, xa que existe un proxecto redactado no goberno do bipartito para a súa instalación en Pampaido que é idónea, avalado por informes

técnicos, pero parece que é máis importante modificar a zona e cambiar o espazo soamente por intereses urbanísticos. O partido socialista de Sanxenxo pode opoñerse a ubicación en Pampaido porque defende os intereses dos seus veciños, pero o do PP de Poio non o entendemos, salvo que defenda os intereses dos veciños de Sanxenxo.

Unha vez rematada a quenda de intervención e sometido á votación o asunto o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido

pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao goberno central para que non conceda ningunha prórroga á actividade do complexo industrial ENCE-ELNOSA en Lourizán máis aló do 2018.

Segundo.- Expresar o seu apoio á "MARCHA CONTRA CELULOSAS" convocada pola Asociación Pola Defensa da Ría para o sábado 14 de xuño, e facer un chamamento á poboación deste concello a participar activamente nesta mobilización reivindicativa.

3965.- CONTRATACIÓN, SERVIZO PÚBLICO DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RSU, LIMPEZA VIARIA E LAVADO E LIMPEZA DE CONTENEDORES DESTE TERMO MUNICIPAL DE POIO.- Dáse conta á Corporación do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de maio de 2014 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente, dos distintos informes técnicos, do prego de cláusulas administrativas particulares de data 1 de abril de 2014, composto por 40 cláusulas e da proposta da Alcaldía de data 6 de maio de 2014 que textualmente di o seguinte: " Tipo licitación: **822.685,86€ anuais** (Ive incluído), total **16 anos: 13.162.973,76€** (ive incluído).

Neste Concello vense prestando o servizo publico, constituído e aprobado no seu día polo Pleno desta Corporación, por medio de contrato de xestión do servizo adxudicado á empresa Cespa, S.A. por acordo Plenario do 13 de marzo de 2001, por un prazo de 10 anos prorrogable por anualidades ata un máximo de 15 anos de non denunciarse por ningunha das partes; con data 30 de decembro de 2013 a empresa adxudicataria Cespa, SA, presenta escrito denunciando o contrato ao abeiro da cláusula IV do prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexeu o contrato, comunicándoselle que se están realizando os trámites previos necesarios para dar comezo á nova contratación do servizo. A necesidade de efectuar nova contratación de dito servizo público mediante a modalidade de concesión, ten a súa xustificación no disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e de conformidade co expediente de constitución do servizo no que se estableceu a modalidade de xestión mediante concesión como a máis adecuada para os intereses municipais, así como co regulamento do servizo e ordenanza correspondente, o que xustifica a esixencia establecida no artigo 22 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en

diante TRLCSP), sobre necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

A solicitude do servizo correspondente, encargouse anteproxecto de explotación do indicado servizo á empresa Lagares Oca, así como a elaboración do correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) ao servizo de contratación do Concello, que se redactan con data novembro de 2013 e abril de 2014, respectivamente, cumprindo iniciar o expediente de contratación para a adxudicación mediante concesión por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa con varios criterios de adxudicación, deste servizo estritamente necesario coa finalidade de continuar coa prestación do mesmo por empresario ou empresa capacitada para a súa execución, dada a carencia de medios tanto persoais como materiais para a realización do mesmo por parte deste Concello, polo que, **PROPOÑO** que, previo o correspondente informe da Intervención de fiscalización previa e acreditación da existencia de crédito suficiente e adecuado para o financiamento do gasto que supón a realización deste contrato, así como informe dos servizos técnicos correspondentes e da secretaría do Concello e someter o expediente a ditame previo da Comisión Informativa de Facenda deste Concello, se eleve á consideración do Pleno da Corporación como órgano competente para a aprobación do expediente de contratación do servizo público de **PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (SÓLIDOS E SELECTIVA), LIMPEZA VIARIA E LAVADO E LIMPEZA DE CONTEDORES NO TERMO MUNICIPAL DE POIO**, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación para a adxudicación da xestión do servizo mediante concesión, ao abeiro do disposto nos artigos 8, 133, 275 e concordantes do TRLCSP, por un prazo de **DEZASEIS ANOS**, prorrogable por dous anos máis e un tipo de licitación anual que ascende a **822.685,86€**, incluído o Ive, supondo un total do contrato para o prazo dos 16 anos **13.162.973,76€**, incluído Ive e demais gastos e impostos."

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do mesmo indicando que se trata de conseguir unha reduccion no envío a Sogama, intentando inculcrar á empresa para facer un gasto eficiente cun incentivo pequeno por reduccion das tm que se levan á Sogama e outro incentivo un pouco máis grande pola venda de residuos de envases, papel e vidro que cobraría a empresa, creemos que sería posible acadar unha reduccion importante.

Non se cerra a posibilidade a outras propostas de recollida de lixo xa que existen a lateral, traseira e vehículo satélite. No rural prevese unha recollida de 3 dias á semana.

O Sr. Moldes Martínez pregunta se o estudio que se presenta é orientativo.

O Sr. Barreiro Lubián di que o estudo vale para que o concello poida establecer as condicións de prestacións dos servizos de residuos sólidos urbanos no termo municipal do Concello de Poio, pero é unha forma da facelo. Haberá empresas que teñan outras formas de facelo.

Hai que ver se nos interesan contenedores de 3000 l ou de menos dependendo das zonas. Non creo que se vaia a un sistema único.

O Sr. Moldes Martínez que ás empresas legalmente non lle estamos a esixir un mínimo.

A secretaria do concello, presente na sesión, indica que cando menos en materia de persoal existiría un mínimo a respetar.

O Sr. Barreiro Lubián di que en Sanxenxo por exemplo non se pode facer todas as zoas por igual, carga lateral, traseira etc.

O Sr. Moldes Martínez pregunta se se vai a aceptar que teñan o almacén fóra de Poio.

O Sr. Barreiro Lubián respóndelle que non podemos decirlles que non. Non creo que se vaia moi lonxe, de feito a nave o que traen son problemas.

O que podemos facer é un seguimento para comprobar que teñen o material que din.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS O CONCELLEIRO D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ.

O Sr. Moldes Martínez di que lle parece excesivo os 16 anos de duración do contrato.

O Sr. Barreiro Lubián respóndelle que parece que se fai en función da duración da maquinaria e tamén están aumentando os costes. Unha forma de atraelos é a duración, garantizándolles máis anos é máis atractivo para as empresas. No estudio económico financeiro ven recollido que a maquinaria amortízase a 8 anos e a 16 anos.

Volve a solicitar o uso da palabra a secretaria do concello para manifestar que tal e como recollen os informes de intervención e secretaría, existen cuestións de estricta oportunidade nos que a decisión non corresponde aos técnicos municipais como poda ser a adscripción de maquinaria ao servizo e outras de legalidade que motivaron que en relación ao expediente se teñan realizado consideracións de xeito desfavorable como é complexo sistema de valoración e outros aspectos da documentación formada que non presentan a debida claridade.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes."

Toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián quen explica que presentan unha emenda ao ditame emitido pola Comisión de Facenda de modificacións dos pregos e ao regulamento do servizo.

O período de prestación do servizo sobe aos dezaseis anos cunha posibilidade dunha prórroga por dous anos máis, este período de dezaseis dividímolos en dous baseado principalmente na maquinaria e o seu período de amortización que consideramos en oito anos, data na que tería que renovarse a maquinaria.

O estudo económico financeiro estuda principalmente os costes do persoal que tería que asumir a empresa adxudicataria do servizo. O modelo organizativo adecúase ao Concello de Poio, aínda que podería verse doutra maneira. Deixamos as ofertas abertas ao concurso para que as empresas valoren a situación e as peculiaridades de recollida do termo municipal, xa que en Poio a distancia de recollida de lixo é de aproximadamente 280 kilómetros diarios e iso son moitos gastos. Ademais vemos importante que

parte da retribución da empresa vaia en función da cantidade de lixo que entregue en SOGAMA, nos pensamos que iso vai incentivar a reciclaxe e que non se misturen os residuos porque ao ano pode supoñerlle á empresa unha facturación de 100 mil euros e iso vai repercutir en que o Concello aforre.

Ademais, vemos moi importante a instalación de composteiros promocionados para reducir costes e realizar campañas para que os usen os veciños e se reduza de forma considerable as toneladas e poidamos beneficiarnos desta situación cunha redución na prestación do servizo.

A solicitude de emenda di o seguinte:

1.- Proponse emendar o artigo 12 do PPT coas seguintes correccións:

Eliminando as melloras : Aumento de orzamento mínimo de programa de motivación social. Aumento das frecuencias de recollida, lavado de contedores, limpeza

Na penúltima mellora que dí: Recollida de algas nas zonas de marisqueo e praias ata a zona de acopio ou a planta de tratamento na temporada de Maio a Outubro Debe modificarse coa seguinte redacción:

Transporte de algas nas zonas de marisqueo e praias ata a zona de acopio ou a planta de tratamento na temporada de Maio a Outubro

2.- O artigo 1 do Regulamento do servizo, que establece o obxecto do mesmo, terá a seguinte redacción:

"Este Regulamento ten por obxecto establecer as condicións de prestacións dos Servizos de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e mantemento de terreos, inmobles e instalacións diversas no termo municipal do Concello de Poio".

Proponse asemade engadir una disposición final co seguinte contido:

"O presente regulamento entrará en vigor, despois da súa aprobación, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e cando transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril"

Proponse tamén unha disposición derogatoria co seguinte redacción: "Este regulamento, unha vez que entre en vigor, derrogará cantas disposicións de igual ou inferior rango, así como das incluídas na ordenanza xeral de limpeza e medio ambiente, actualmente vixente, en todo o que se opoña á mesma, podendo seguir aplicándose dita ordenanza con carácter subsidiario en todo o que non contradiga ou sexa incompatible co novo regulamento."

3.- Modifícase o paragrafo 4º artigo 8 do PCAP e engadindo dous novos parágrafos quedando a súa redacción como segue:

"Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo de (45) corenta e cinco días hábiles, no Rexistro Xeral do Concello de Poio, en horario de 8,30 a 14,30 de luns a venres e de 9,00 a 13,00 sábados, enviaranse por correo, ou en calquera outro dos lugares sinalados no artigo 38. 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. No suposto que o último día de presentación das proposicións fose inhábil ou festivo prorrogarase ao seguinte día hábil.

Dos mencionados 45 días hábiles para presentar as ofertas, durante os 10 primeiros días poderán presentarse aclaracións sobre a documentación que serán contestadas nun prazo de 5 días, dándolle publicidade as mesmas a través do perfil do contratante do Concello de Poio.

O Pleno da Corporación delega na Xunta Local de Goberno a aprobación das aclaracións realizadas previo informe dos servizos técnicos.

A continuación toma a palabra a Secretaria presente na sesión e procede a dar lectura íntegra ao informe emitido polo Enxeñeiro Municipal con data 27 de maio de 2014 e que di textualmente: "Nos informes de Secretaría e Intervención faise a mención á conveniencia de valorar os subcriterios de maneira que a labor da Mesa de contratación sería moito máis doada e as ofertas contarían cunha guía clara e precisa do que se ía valorar, sen embargo, a dificultade de precisar claramente e de forma concisa os subcriterios que se van a valorar con múltiples posibilidades nunha materia tan complicada e variada como a organización do servizo que se licita con infinidade de variables, pode resolver determinados problemas á Mesa de Contratación, mais pode provocar efectos indesexables como dirixir as ofertas cara aos subcriterios máis valorados, sen ter en conta a calidade do servizo deixando sen valor innovacións técnicas e organizativas que só cada empresa coñece ou que pode aplicar baixo un modelo organizativo incompatible coas subcriterios propostos. Neste senso, é moi difícil tendo en conta a diversidade de posibilidades que hai para executar o servizo que se licita, determinar se é máis importante a maquinaria ou o persoal, si é mellor a recollida lateral que a traseira, si é factible compatibilizar a recollida diúrna coa nocturna etc. Múltiples decisións que deberían tomarse sen ter en conta a calidade do servizo por descoñecer de forma anticipada a organización que cada empresa prevé en base as características técnicas da maquinaria e do persoal que vai utilizar, aínda que evidentemente sería moito máis claro o concurso.

Considérase por parte dese informante que establecer unha valoración para os subcriterios pode dirixir as ofertas de maneira que determinadas formas de organizar o servizo sexan incompatibles cos subcriterios propostos sen que estes modelos organizativos sexan a priori peores que outros tanto na calidade do servizo como nos custes do mesmo.

En calquera caso a inexistencia de subcriterios valorados non impide a valoración adecuada das distintas ofertas, cumpríndose co principio de igualdade de trato e cumprindo os requisitos marcados pola lexislación comunitaria. "

Indica a continuación que o novo informe emitido polo enxeñeiro municipal dá lugar a contraste técnicos entre as consideracións realizadas dende secretaria de xeito desfavorable ás que se sumou a intervención municipal respecto a aplicación de subcriterios na valoración das ofertas que presenten os licitadores, por canto estima o técnico municipal que unha aplicación dos mesmos podería dar lugar a un resultado non querido pola normativa comunitaria ao limitar a liberdade de concorrencia por orientar as proposicións nun determinado resultado.

Así mesmo matiza que as aclaracións sobre a correcta aplicación e interpretación dos pregos poderanse realizar nos dez primeiros días aos que se seguirá un común de cinco para a súa resolución, sendo a partir do seguinte a éste cando se incicia o cómputo para a presentación de proposicións.

A Sra. Besada Lores di que o Grupo Socialista estivo en contra no ano 2000 da privatización do servizo pero na actualidade non temos infraestruturas e debemos seguir con este sistema de privatización.

Estamos de acordo en primar a recollida selectiva e o que non queremos é incrementar os costes estamos seguros de que co sistema de composteiros vanse reducir as toneladas de lixo a SOGAMA.

O Sr. Moldes Martínez di que hai uns minutos acusouse ao PP de ter intereses ocultos e de beneficiar ás empresas. Non existe un prego de cláusulas administrativas xa que o proxecto nada ten que ver coa recollida de lixo no concello, outra cousa é o que pensan os veciños e as asociacións e tamén consta no expediente informes desfavorables da secretaría e intervención.

Entendemos que 16 anos é un período excesivo consideramos que 10 anos sería suficiente, ademais entendemos que deberían reducirse os recibos aos veciños que vexan mermado o servizo motivada pola redución de días de recollida e tamén non estamos de acordo co aumento do período para a limpeza dos colectores de un mes a dous. En resumo calquera empresa podería reclamar os pregos e volver a empezar, iso debe ser o que queren para que non dea tempo a contratar antes das eleccións municipais.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que para estratexa o voceiro do PP, que non se entera, non se trata de defender os intereses das empresas, trátase de facer interesante un servizo para que as empresas se presenten, este asunto xa se tratou na comisión de facenda do mes de abril e non estaban de acordo cos 100 mil euros ou co 1%-3% da morosidade.

Ao noso parecer cando se critica un proxecto é porque se coñece pero penso que os señores do PP non o coñecen. Nos cremos que é mellor. Preferimos o concurso para que as empresas presenten o seu estudo para a recollida de lixo no noso termo municipal. Hai que facer atractiva a prestación, temos un exemplo cercano, hai tres anos no Concello de Sanxenxo, por exemplo, non se presentou ningún ata o último día, e había unha empresa que tiña dúas ofertas e ao non presentarse ningún colleu a oferta máis cara.

Non hai ocultismo ningún, pero a información hai que proporcionala cando se ten e non antes. O estudo económico é realizado por unha empresa con coñecementos no sector de recollida de lixo, por iso hai que recorrer a eles, para saber todas as peculiaridades do servizo.

Cando din que o estudo económico é mínimo demostra que non o viron porque está totalmente definido (rutas, periodicidade, persoal, prestación...).

Cando di que hai informes desfavorables é certo, pero tamén indicar que para iso presentamos a emenda onde se trata de mellorar o proxecto e adaptado á fiscalización realizada. Por outro, lado cando di que se minora a recollida, non di que o veciño vai ter recollida igual, ademais pensamos que a través dos

composteiros as cantidades de lixo que se acumula vai ser moito menor, queremos incentivar este uso, por iso podemos pensar que dentro dun ano pode baixar a tarifa.

O Sr. Moldes Martínez di que facía mención a un estudo moi sinxelo de elaborar, pero se alguén non colle a compostaxe, non se lle vai reducir a factura entón, estes composteiros son gratuítos, porque en ningún sitio se di de onde van saír, se os paga o veciño, se os paga o concello. Pensamos que todos os veciños teñen que ter os mesmos servizos.

O Sr. Alcalde di que se intenta incentivar aos veciños para aforrar e non enriquecer a SOGAMA. As taxas apróbanse, como ben saben, de forma anual e poden revisarse en función do servizo, se mellora ou non. Enfocamos este prego cara unha futura implantación dunha planta de compostaxe.

A depuración e os seus técnicos de recollida provincial que está no caixón, tamén foi elaborada por unha empresa, As veces temos que recorrer a outros medios porque non temos medios para este tipo de estudos. O que se pretende, queremos darlle un enfoque para fomentar a reciclaxe e evitar ese exceso de residuos, que en moitas ocasións vótanse restos que a través da compostaxe poden minorarse. As facturas de SOGAMA incrementase mes a mes, da de decembro a xaneiro hai unha diferenza de 20000 euros. As ofertas son libres e poder mellorarse polas empresas e despois a corporación debe decidir cal é a que máis se adecúa ao noso concello.

O Sr. Agís Gómez di que en relación á estratexia deste goberno de retrasar a adxudicación do contrato ata despois das eleccións, pois dicir que o retraso vén porque estivemos esperando por ese proxecto de xestión de residuos da Deputación.

Nos poñemos un mínimo de recollida de 3 ou 6 veces a semana dependendo se se trata do rural ou do urbano, pero as empresas poden melloralo e ofertar máis frecuencia e a pesar de que a frecuencia de recollida no rural é menor o custo é moi grande, porque ao tratarse de zonas moi dispersas a cantidade de kilómetros é moi grande.

O da instalación de composteiros non é unha novidade no Concello, xa que desde fai anos nos vimos traballando con este sistema, e os resultados son bos. E ademais nos estamos pagando a SOGAMA por unha xestión de residuos que se traduce en enterrar ou queimar.

Unha vez rematado a quenda de intervencións sométese a votación o expediente de contratación da xestión do servizo público de prerrecollida, recollida, transporte e transferencia de residuos sólidos urbanos (sólidos e selectiva) limpeza viaria e lavado e limpeza de contedores e papeleira do Concello o que por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a emenda ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de maio de 2014 nos seguintes termos:

a) Emendar o artigo 12 do PPT coas seguintes correccións:

Eliminando as melloras :

Aumento de orzamento mínimo de programa de motivación social.

Aumento das frecuencias de recollida, lavado de contedores,

limpeza

Na penúltima mellora que dí:

Recollida de algas nas zonas de marisqueo e praias ata a zona de acopio ou a planta de tratamento na temporada de Maio a Outubro
Debe modificarse coa seguinte redacción:

Transporte de algas nas zonas de marisqueo e praias ata a zona de acopio ou a planta de tratamento na temporada de Maio a Outubro

b) O artigo 1 do Regulamento do servizo, que establece o obxecto do mesmo, terá a seguinte redacción:

"Este Regulamento ten por obxecto establecer as condicións de prestacións dos Servizos de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e mantemento de terreos, inmobles e instalacións diversas no termo

municipal do Concello de Poio".

c) Engadir una disposición final co seguinte contido:

"O presente regulamento entrará en vigor, despois da súa aprobación, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e cando transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril"

d) Engadir unha disposición derogatoria co seguinte redacción:

"Este regulamento, unha vez que entre en vigor, derrogará cantas disposicións de igual ou inferior rango, así como das incluídas na ordenanza xeral de limpeza e medio ambiente, actualmente vixente, en todo o que se opoña á mesma, podendo seguir aplicándose dita ordenanza con carácter subsidiario en todo o que non contradiga ou sexa incompatible co novo regulamento."

e) Modifícase o paragrafo 4º artigo 8 do PCAP e engadindo dous novos parágrafos quedando a súa redacción comos sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo de (30) trinta días hábiles, no Rexistro Xeral do Concello de Poio, en horario de 8,30 a 14,30 de luns a venres e de 9,00 a 13,00 sábados, enviaranse por correo, ou en calquera outro dos lugares sinalados no artigo 38. 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. No suposto que o último día de presentación das proposicións fose inhábil ou festivo prorrogarase ao seguinte día hábil.

Establécese un prazo de 45 días hábiles para presentar as ofertas contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia ou no DOG, de forma que durante os 10 primeiros días poderán presentarse aclaracións sobre a documentación que serán contestadas nun prazo de 5 días seguintes, dándolle publicidade as mesmas a través do perfil do contratante do Concello de Poio.

f) O Pleno da Corporación delega na Xunta Local de Goberno a aprobación das aclaracións realizadas previo informe dos servizos técnicos.

Segundo: Aprobar inicialmente o Regulamento regulador do servizo coas emendas ás que se refire o pronunciamento primeiro do presente acordo, debendo seguirse os trámites previstos no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local. De non presentarse reclamación ou alegación ningunha durante o prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo

ata entón provisional.

Terceiro: Aprobar o expediente de contratación do servizo público de **PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOSSÓLIDOS URBANOS (SÓLIDOS E SELECTIVA), LIMPEZA VIARIA E LAVADO E LIMPEZA DE CONTEDORES NO TERMO MUNICIPAL DE POIO**, prego de cláusulas administrativas particulares coas emendas do apartado 1º, Estudo económico financeiro dos servizos, prego de prescricións técnicas, planos e anexos, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación da xestión do servizo mediante concesión, ao abeiro do disposto nos artigos 8, 133, 275 e concordantes do TRLCSP, por un prazo de **DEZASEIS ANOS (16 anos)**, prorrogable por dous anos máis e un tipo de licitación anual que ascende a **822.685,86€**, incluído o Ive, supoñendo un total do contrato para o prazo dos 16 anos **13.162.973,76€**, incluído Ive e demais gastos e impostos.

Cuarto.- Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

Quinto.- Dar traslado do presente ao Servizo de Contratación e Intervención Municipal.

MOCIÓNS URXENTES.-Antes de dar inicio ao punto de mocións urxentes, o Alcalde toma a palabra para dirixirse ao público asistente entre os que se atopan membros da Comunidade de Montes en Man común Rego dos Agros por ter presentado un escrito para o seu tratamento na presente sesión plenaria en relación, entre outros extramos, á solicitude de desafectación e cesión da Illa de Tambo. Un deles solicita o uso da palabra para pedir que así se faga.

O Alcalde lle resposta que debería ser tratado nunha futura sesión unha vez se emitan informes técnicos.

De novo os membros da Comunidade toman a palabra e sinalan que a única cuestión técnica a ter en conta é a relativa á titularidade da illa.

A secretaria solicita o uso da palabra ao alcalde e manifesta, en primeiro lugar, que o escrito presentado non é unha moción nos termos do art. 97 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro para o seu tratamento neste punto da orde do día. En segundo lugar, que segundo a mesma norma regulamentaria, rematada a sesión e tras o exame dos puntos incluídos na orde do día, poderíase dar participación ao público asistente. Así mesmo, e tras unha lectura moi por encima do escrito, advirte da necesidade de analizar xuridicamente a petición plantexada sen excluír tras as derradeiras reformas lexislativas realizadas sobre o ámbito de competencia das entidades locais e os requisitos financeiros para a súa prestación.

A continuación a concelleira Mª Consuelo Besada Lores indica aos asistentes que coa mesma finalidade do escrito presentado, se teñen xa realizado múltiples actuacións e trámites dende o concello, sen que por parte da Administración Xeral do Estado se teña posto luz sobre a súa titularidade e tratamento, así como os intentos de que formase parte do parque Illas Atlánticas. Engade que na actualidade se está a executar un contrato administrativo de servizos coa Universidade de Vigo polo que se presentará un

Plan estratéxico para a Illa e será o documento que reflecta os posibles usos do ben.

De común acordo dos voceiros dos grupos municipais acórdase non incluír o escrito como moción na orde do día, en orde a evacuación de informes técnicos.

ROGOS.- Non se producen PREGUNTAS.- A Concelleira do PP a Sra. Nieto García pregunta ao Sr. Alcalde se coñecen a situación da empresa redactora do Plan Xeral de Ordenación Municipal que ao parecer entrou en concurso de acredores, e nos queremos saber se hai comunicación por escrito e ademais como vai afectar esta situación ao desenvolvemento dos traballos.

O Sr. Alcalde contesta que se dará resposta por escrito.

INTERPELACIÓNS.-Non se producen.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta e sete minutos, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria xeral dou fe.